

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA A MATERIA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

Avaliación continua presencial.

Cada unidade constará dunha primeira explicación por parte do profesor e unha serie de láminas para traballar no aula que, se o tempo non é suficiente, deberanse terminar na casa e entregar ó día seguinte (non se recollerán traballos entregados fora de prazo). Ao día seguinte o exercicio será explicado polo profesor e corrixido na clase por cada alumno que poderá preguntar as dúbidas xurdidas durante a corrección. Ao final de cada unidade recolleranse todas estas láminas comprobando que foron correctamente corrixidas e se procederá a realizar un exame de repaso de materia, dito exame será o 70% da nota da materia e un 20% a media das láminas de traballo. Farase un exame por unidade que fará media para obter a nota de cada avaliación.

Nos traballos de clase, exercicios e láminas avaliaranse a partes iguais a orixinalidade e creatividade por un lado e a adaptación ó exercicio proposto por outro. Do mesmo xeito se puntuará de forma negativa a falta de limpeza e precisión nos traballos (o 10% restante da nota). Antes da entrega de cada lámina de traballo ou exercicio proposto entregarase sempre a rúbrica que se vai a utilizar na cualificación. Valorarase o traballo diario, o traballo en casa, a actitude na aula e o comportamento. A nota final de curso do alumno será a media da nota de cada avaliación.

Importante, as tarefas e traballos deberanse realizar no prazo establecido, no caso contrario non se recollerán e iso verase reflectido nas cualificacións.

Os alumnos deben asistir ás clases previstos dos cadernos, pinturas e outros materiais así como idos instrumentos de debuxo técnico precisos para poder realizar os traballos propostos. A asistencia sen os útiles precisos será avaliada negativamente.

Os profesor comunicará ao principio de curso en cada aula todo o exposto anteriormente.

Avaliación ordinaria de xuño e recuperación de pendentes.

O alumnado que non poida superar a materia durante as 3 primeiras avaliacións do curso, terá dereito a un exame de recuperación a finais de curso. Coa finalidade de facilitarlle ao alumnado a recuperación desta materia e tendo en conta os criterios de cualificación propostos para todos, o alumnado tamén deberá entregar aquelas tarefas que figuran como traballos a realizar individualmente e que non realizou no seu momento. Durante os días comprendidos entre o 6 e o 22 de Xuño este alumnado coa materia pendente recibirá sesións de reforzo facendo especial fincapé nos puntos principais da materia.

O alumnado coa materia superada fará traballos de reforzo e consolidación dos contidos impartidos durante o curso e a realización destes se verá reflectido nun 4% da nota final.

A nota final da materia virá da media entre a nota da 1ª avaliación, a nota da 2ª e a nota da 3ª a partes iguais e, no período comprendido entre o 6 e 22 de xuño, será diferente dependendo de si ten a materia superada, tendo sempre en conta a mellora ou empeoramento do alumno ao longo do curso. **Para calcular a nota trimestral aplicarase o seguinte baremo:**

- 1ª avaliación : 32%
- 2ª avaliación: 32%
- 3ª avaliación: 32%
- Avaliación ordinaria de xuño:
 - 4% para o alumnado coa materia superada.
 - Para o alumnado coa materia suspensa será un período de recuperación da materia.